

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A CATEDRAL DE SANTIAGO PARA A PROMOCIÓN DOS BELÉNS ARTESANAIS E PARA ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA CULTURA XACOBEOA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa S.A.M.I. Catedral de Santiago o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para as seguintes actuacións:

- Montaxe e promoción en Nadal dos Beléns artesanais propiedade da SAMI Catedral e que se montan en espazos únicos e singulares de Santiago de Compostela como é a catedral ou San Martín Pinario co obxecto de atraer aos visitantes a Galicia en tempada de nadal.
- Publicacións vinculadas coas edicións anuais do Congreso de Acollida Cristina nos Camiños de Santiago.
- Clasificación da documentación xacobeá do arquivo da catedral e a elaboración de publicacións, accións e actuacións de interese común como a futura creación do centro de documentación sobre a temática xacobeá.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:



Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago, e no exercicio das súas funcións, lle corresponde executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela é un singular monumento, que posúe valores históricos, artísticos e culturais de alto interese que a converte nun fito único no marco do patrimonio cultural europeo e que viu recoñecida a súa importancia e valía ao formar parte singular dos bens incorporados á lista do Patrimonio mundial pola UNESCO: a Cidade Vella de Santiago de Compostela, da que constitúe o seu principal monumento e o Camiño de Santiago do que é meta e obxectivo final de peregrinación. A S.A.M.I. Catedral é un templo de culto católico sito en Santiago de Compostela, que acolle no sepulcro do Apóstolo Santiago, motivo polo cal é un dos principais destinos de peregrinación de Europa.

Terceiro.- A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar as actuacións descritas pola súa incidencia na divulgación da cultura Xacobeana e do Camiño de Santiago, e porque supoñen un maior atractivo da cidade para os visitantes e peregrinos, de forma que inciden nunha maior afluencia turística e na desestacionalización do turismo na cidade e na Comunidade Autónoma.

Cuarto.- A estes efectos hai que destacar que no Plan Director e Plan Estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021, establécese como liña estratéxica L.E.8. Investigación, comunicación e divulgación do Camiño e da Cultura Xacobeana, no que se establece como obxectivo do Plan de actuación 8.1. Fomento da investigación e a divulgación do Camiño de Santiago e a Cultura Xacobeana, o incremento do coñecemento, o estudo, a investigación do feito Xacobeo e promover a difusión da Cultura Xacobeana a toda



a cidadanía, o que se acada coas publicacións que se recollen nas actuacións obxecto do presente convenio. Así mesmo, e no que respecta á montaxe e promoción en Nadal dos Beléns artesanais, estes constitúen un importante reclamo turístico da cidade na época do Nadal, de forma que supoñen un atractivo máis.

Quinto.- Non é posible a concorrencia pública pola propia natureza das actuacións obxecto deste convenio, que só poden realizarse pola S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela.

Que a través deste convenio, outórgase a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia..

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

